



ROGO SOBRE O EMPREGO DE TAXIS PARA A ARTICULACIÓN DUN TRANSPORTE ALTERNATIVO Á DEMANDA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o Pleno do pasado mes de maio aprobouse por unanimidade unha iniciativa do Grupo Municipal Popular na que se solicitaba a implantación dun *bonotaxi* para persoas con discapacidade, así como o estudo de transporte á demanda como medidas complementarias para incrementar a efectividade do transporte público de viaxeiros. No acordo apostábase pola promoción do uso do taxi como un transporte alternativo á demanda que permitira mellorar a accesibilidade das persoas naquelas zonas con baixa cobertura do transporte urbano colectivo.

Nesta altura, ao parecer e con carácter complementario á licitación do servizo de transporte urbano se anuncia un novo servizo á demanda para determinadas áreas rurais coa finalidade de converter o transporte público nunha alternativa eficaz para o conxunto da veciñanza independentemente do seu lugar de residencia; así, atendendo ao acordo adoptado no seu momento e á importancia do sector do taxi fórmulase o seguinte **ROGO**:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno local, na futura configuración do servizo municipal de transporte público, se estude con carácter preferente a incorporación do taxi como medio de transporte á demanda para o medio rural do Concello de Santiago de Compostela,

Santiago de Compostela, a 12 de decembro de 2017

Alejandro S. Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela